

NOTA INFORMATIVA AXENDA MUNICIPAL

Xoves 26

11.00 h.

Na Casa do Concello, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, recibe ao Premio Nobel de Química, Richard Ernst, que asinará no Libro de Ouro do Concello.

12.00 h.

Na Casa do Concello, o alcalde compostelán e presidente do Eixo Atlántico, Xosé A. Sánchez Bugallo, asina un convenio de colaboración coa presidenta do Consello da Xuventude de Galicia, María Dolores Rodríguez Amoroso.

12.30 h.

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de Cultura, Néstor Rego, para presentar os premiados deste ano no festival CINEUROPA, que comeza o vindeiro xoves 2 de novembro.

17.00 h.

No CGAC, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de Cultura, Néstor Rego, para presentar o obradoiro de Apolonija Sustersic, dentro de *A Cidade Interpretada*. Na rolda estarán tamén a artista; o comisario da exposición, Pablo Fanego; e o director do CGAC, Manuel Olveira.

17.30 h.

Pleno extraordinario

Na Casa do Concello, Pleno Extraordinario da Corporación coa seguinte orde do día:
Punto único: Aprobación do documento de adecuación ao acordo de aprobación provisional da Revisión do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM).

18.30 h.

Pleno ordinario

Na Casa do Concello, sesión ordinaria do Pleno da Corporación coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, de acta da sesión anterior.
2. Aprobación definitiva da modificación puntual do Plan parcial solo urbanizable programado núm. 34 (SUNP-34). Boisaca.
3. Aprobación inicial das ordenanzas fiscais para o ano 2007.
4. Comparecencia do concelleiro delegado de infraestruturas para informar da situación do expediente da execución da obra do Parque Comarcal de Bombeiros.
5. Dar conta das resolucións da alcaldía e da xunta de goberno local.
6. Toma en consideración das mocións presentadas polos grupos municipais.
7. Rogos e preguntas.

20.00 h.

Na Aula de Cultura da Fundación Caixa Galicia, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, clausura o Festival de Cine Euro-Árabe Amal.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2006